

## CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

# *Letras Galegas 2026*

### - Convocatoria Local -

A BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2026 (Fase Local), de acordo coas seguintes bases:

1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:

**A) Narracións**, en galego, cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema proposto a continuación:

**"Medrar lendo".**

*Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.*

*Invítámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños.*

**B) Debuxos**, feitos sobre **papel ou cartolina** tamaño **DIN A4**, sobre o tema proposto a continuación:

**"Medrar lendo".**

*Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.*

*Invítámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños.*

2.- Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en LETRAS MAIÚSCULAS.

3.- Establécense tres categorías: **A**, ata 8 anos; **B**, de 9 a 11 anos; e **C**, de 12 a 16 anos.



- 4.- O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro **11 de maio**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO.
- 5.- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos.
- 7.- Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.
- 8.- Na fase provincial o xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría os tres mellores traballos. Os autores seleccionados recibirán cadansúa estatuiña de Sargadelos e un lote de libros. O fallo do xurado farase público no mes de xuño.
- 9.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.
- 10.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.
- 11.- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.



**FOLLA DE DATOS PERSOAIS**  
(PRE-ENCHER EN MAIÚSCULAS)

**APELIDOS** .....

**NOME** .....

**ENDEREZO COMPLETO** .....

.....

**TELÉFONO** ..... **IDADE** .....

**COLEXIO**.....

**CURSO**.....